



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

D^a. PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE do 12 de FEBREIRO de 2024**, adoptou o seguinte acordo:

2.- CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS A FAMILIAS CON FILLOS E FILLAS EN ENSINO OBRIGATORIO (PRIMEIRO BLOQUE). EXPTE. 62759/332.

Visto o informe de fiscalización do 12/02/2024, dáse conta do informe proposta da mesma data, asinado pola xefa do Servizo de Educación, e conformado pola concelleira delegada de Educación, a concelleira da Área de Goberno e polo o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 17 de novembro de 2023 adoptou os seguintes acordos:

“PRIMEIRO: Aprobar o gasto por importe total de 5.842.500,00 (cinco millóns oitocentos corenta e dous mil cincocentos) euros, que se imputarán con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0002 “Plan extr. axudas familias fillos escolarizados” dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2023.

SEGUNDO: Aprobar a Convocatoria, o Extracto da mesma e as Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, que se achegan ao expediente.

TERCEIRO: Publicar, unha vez aprobadas, a Convocatoria e as Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, nos seguintes termos:

- As Bases reguladoras no BOPPO, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).*
- A Convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes.*
- Os modelos de formularios normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na páxina web www.vigo.org.”*

2.- As referidas bases foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 225, de 22 de novembro de 2023 e o extracto da convocatoria remitido pola BDNS no BOPPO núm. 227, do 24 de novembro de 2023, así como na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). Conforme á base décima o prazo de presentación de solicitudes foi de dous meses contados a partir do día seguinte á data de publicación do dito extracto da convocatoria, finalizando o prazo o 24/01/2024.

3.- A base segunda das reguladoras das “Axudas Municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio” establece que a concesión destas axudas se realizará en réxime de concorrencia



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 01:32	Páxina 1 de 3
SUBVENCIONS	CSV: AFA14H-EC338F-CA3H8H-TD3TU3-6CVE73-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

competitiva sen establecer comparación entre as solicitudes e sen fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos nestas bases.

4.- A contía das axudas será de 205,00 (douscentos cinco) euros por cada fillo/a escolarizado/a que reúna os requisitos establecidos que se imputarán con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0000 “P. extr. axudas familias con fillos escolarizados”, dotada con 5.842.500,00 euros.

5.- A base décimo segunda das devanditas bases recolle no seu punto segundo que “*tendo en conta o elevado número de solicitudes a concesión das axudas poderá resolverse escalonadamente , a medida que avance o proceso de verificación.*”

6.- En data 9 de febreiro de 2024 reuniuse a Comisión de Seguimento referida na base décimo sexta. Nesta reunión dáse conta á Comisión do avance do proceso de verificación de solicitudes, resultando que das verificadas ata o día 9 de febreiro de 2024: 8.535 solicitudes cumpren os requisitos da convocatoria que benefician a un total de 11.611 alumnos/as por importe de 2.380.255,00 euros.

A vista destes datos, e dado que se pretende que estas axudas cheguen as familias o antes posible tendo en conta que buscan paliar o impacto sobre a capacidade de compra das familias con menores a cargo producido pola subida xeneralizada de prezos, a Comisión de Seguimento, en consonancia co sinalado na base décimo segunda, propón que se tramite un primeiro bloque de axudas para a concesión e pagamento das solicitudes verificadas ata o día 9 de febreiro de 2024 relacionadas no Anexo 1 que cumpren os requisitos elevándose proposta de acordo á Xunta de Goberno Local.

A presente proposta remitirase para informe preceptivo da Intervención Xeral Municipal, con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local.

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local de conformidade co artigo 127.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Tendo en conta as Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio propónse á Xunta de Goberno Local o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Conceder aos/as solicitantes que se relacionan no Anexo 1 deste acordo (8.535 solicitudes) as “axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio” coa asignación económica de 205 euros por cada fillo/filla matriculado/a en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Básica e Educación Especial, en centros docentes públicos e privados concertados sitos en Vigo, ou que estean empadroados/as en Vigo e matriculados/as nas mesmas etapas educativas en centros sostidos con fondos públicos sitos noutros municipios, por importe total de **2.380.255,00 euros** con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0000 “P. extr. axudas familias con fillos escolarizados”

SEGUNDO.- Dispoñer a publicación da relación de axudas concedidas neste primeiro bloque de solicitudes verificadas ata o 9 de febreiro de 2024 (Anexo 1) na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org, no portal de transparencia e no Taboleiro de Editos, surtindo esta publicación os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP.

TERCEIRO.- Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á publicación do acordo, de conformidade



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 01:32	Páxina 2 de 3
SUBVENCIONS	CSV: AFA14H-EC338F-CA3H8H-TD3TU3-6CVE73-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

JVF/if.

V. e Pr.

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 01:32	Páxina 3 de 3
SUBVENCIONS	CSV: AFA14H-EC338F-CA3H8H-TD3TU3-6CVE73-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		